



O Goberno español deu inicio onte ao proceso co que busca desenvolver a eólica *offshore* (mariña) no Estado español. Este proceso dará paso ás poxas nas que xa hai presentados unha vintena de proxectos fronte á costa galega que suman unha potencia superior aos 10.000 megawatts. **Texto X. M. Piñeiro**

O Ministerio abre unha poxa da eólica mariña que o sector do mar ve "ao gosto" das enerxéticas


A Xunta pide ao Goberno estatal que Galiza "sexa das primeiras comunidades" onde se desenvolvan as poxas da eólica 'offshore'

O Ministerio para a Transición Ecolóxica (Miteco) abriu onte a consulta pública previa para deseñar a orde ministerial que fixará as bases do primeiro procedemento de concorrencia competitiva para a poxa da eólica mariña no Estado. O proceso, que permanecerá aberto até o 24 de febreiro de 2026, servirá para definir as pezas chave antes de convocar a primeira "poxa" de parques, como as áreas elixidas, a potencia a licitar, os prazos ou os criterios de ponderación, segundo sinalou o propio Ministerio. Trátase, pois, de aprobar a orde pola que se aproben as bases do primeiro procedemento de poxa das instalacións eólicas mariñas. A consulta enmárcase no Real Decreto 962/2024, que regula a produción de electricidade renovábel en instalacións situadas no mar. Na folla de ruta do Goberno español da eólica mariña e as enerxías do mar mantén como referencia

un obxectivo de 1 a 3 XW de eólica mariña no ano 2030 e a Galiza ten neste deseño un papel fulcral: aparece nos Plans de Ordenación do Espazo Mariño (POEM) do Miteco como posíbel receptora de até 43% da potencia eólica que se pretende instalar en todo o litoral do Estado. A consulta anunciada onte servirá, segundo afirma o Ministerio que dirixe Sara Aagesen, para definir as zonas elixidas, a potencia a licitar ou incluso se se apostará polos parques eólicos mariños máis grandes ou de menor tamaño. Inciden desde o Ministerio en que os criterios non económicos, como o impacto ambiental ou o apoio social, ponderarán até 30% á hora de valorar unha proposta; e tamén queren coñecer a opinión do sector sobre cal entenden que é o prazo máximo "conveniente"estabelecer para a data de posta en marcha das instalacións flotantes. Mais as explicacións non convencen o sector do mar e social representado na Plataforma en

Defensa da Pesca e os Ecosistemas Mariños, que considera a convocatoria feita polo Goberno español produto da "présa", que "responde exclusivamente á presión dos lobbies promotores, ignorando o principio de precaución que debería rexer toda actuación con potencial impacto ambiental". O portavoz da plataforma, Torcuato Teixeira, sinala a *Nos Diario* que esta consulta se fai no marco dunha "contradición flagrante: preténdese poxar o mar baseándose nunha planificación que está a ser cuestionada e revisada polas súas graves carencias técnicas", afirma. O sector pesqueiro presentou en decembro as súas "observacións" en forma de alegacións no trámite de revisión dos POEM aberto a finais de novembro, e avogaba por unha 'moratoria' á eólica mariña até rematar os estudos técnicos do impacto socioeconómico e medioambiental da eólica mariña. Unha petición que, entenden a teor da consulta anunciada onte, non foi atendida mais

Áreas marítimas fronte ás costas galegas nas que se poderán instalar muíños eólicos



Datos: Miteco / Gráfico: Nos Diario



Miteco

A ministra de Transición Ecolóxica, Sara Aagesen. Á dereita. parque de eólica mariña fronte a Viana do Castelo (noroeste de Portugal).

NA GALIZA ESTÁ 43% DAS "ZONAS DE ALTO POTENCIAL" DO ESTADO PARA A EÓLICA MARIÑA

que volven pór sobre a mesa. "Denunciamos que o Ministerio está a ordenar o espazo marítimo sen unha fotografía real da actividade pesqueira"nas zonas afectadas por esta eólica, polo que "aprobar zonas eólicas sen estes datos vulnera a Directiva europea 2014/89/UE de ordenación do espazo marítimo", asevera Teixeira. "Non aceptaremos un modelo de transición enerxética que se constrúe destruíndo a pesca sostíbel", acrecenta o portavoz. Pola súa parte, a conselleira de Economía e Industria, María



MULTINACIONAIS COMO REPSOL, IBERDROLA OU FERROVIAL IMPULSAN PARQUES PARA A COSTA GALEGA



Jesús Lourenzá, afirmou onte que a Xunta da Galiza vai pedir que Galiza "sexa das primeiras comunidades onde se desenvolvan as poxas" de eólica mariña e anunciou que o Goberno galego vai participar na consulta impulsada polo Miteco para pedir que esa implantación eólica "teña beneficios" para o país.

Fins Eirexas, secretario técnico da asociación ecoloxista Adega, un dos colectivos que participou no seu día no proceso aberto para os POEM, explicou onte a este xornal que van participar na consulta aberta polo

Miteco. Pedirá Adega "que non desenvolva as poxas mentres non finalice o proceso que vén de abrir en xaneiro de revisión dos POEM. Daríase o paradoxo de que os parques se desen en base aos POEM vellos cando na revisión pode que haxa zonas cualificadas agora como de alto potencial eólico e que após a revisión xa non o sexan".

Catro polígonos na costa galega

En febreiro de 2023 o Consello de Ministros aprobaba os primeiros Plans de Ordenación



Torcuato Teixeira
Voceiro de Defensa da Pesca
"Vaise poxar o mar en base a unha planificación que está cuestionada e que ademais está a ser revisada"



María Jesús Lourenzà
Conselleira de Economía
"Reclamamos que Galiza sexa das primeiras comunidades en que empecen a desenvolverse as poxas"



Fins Eirexas
Secretario técnico de Adega
"Pode darse o paradoxo de que a poxa sexa cuns POEM cuxa revisión en marcha varíe as zonas para a eólica mariña"

Nós Diario

Xunta da Galiza

Nós Diario

Wind Float

Enerxéticas Presentados máis de 20 proxectos para a costa galega

X. M. P. | Nós Diario

Enerxéticas e multinacionais teñen presentado e tramitado máis de 20 proxectos de eólica mariña para Galiza. Repsol, Ferrovial, Iberdrola ou a multinacional italiana Eni son algúns dos nomes que están detrás deses proxectos. Todos suman máis de 10.000 MW de potencia. O Parque Nordés, por exemplo, pretende producir el só enerxía para cubrir 13% do consumo eléctrico da Galiza e 3% do consumo eléctrico do Estado español. Plenitude, BlueFloat Energy e Sener promoven a instalación deste megaparque a máis de 30 quilómetros da costa entre Cedeira (Ferroterra) e Cariño (Ortegal). Na web do proxecto, os promotores estiman unha vida útil da instalación de 30 anos. As empresas interesadas en desenvolver proxectos de eólica mariña na Galiza levan desde 2021 tramitando os seus proxectos diante do Miteco. Nomes de parques como Breixo, O Boi, Ventus, Breogán, Celta I e Celta II, Galwind, San Brandán ou San Cibrao figuran nestes proxectos que centran as súas preferencias de localización na Costa Ártabra –Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Mugardos e Ares–, a costa suroccidental galega –arredor das illas Cíes e a ría de Vigo–, e fronte ás costas da Mariña.